



**RESOLUCIÓN RECTORAL DE 24 DE FEBREIRO DO 2003, SOBRE
DESENVOLVEMENTO DA MATRÍCULA PARA O SEGUNDO
CUADRIMESTRE**

A convocatoria de matrícula para titulacións oficiais para primeiro e segundo ciclo para o Curso 2002-2003 regula no seu apartado sétimo a matrícula no segundo cuadrimestre, establecendo que mediante Resolución Rectoral se poderán establecer condicións específicas para poderse matricular. Así mesmo esta mesma convocatoria regula no seu apartado 20.2.1.B) a modificación de materias cuatrimestrais.

En desenvolvemento desta convocatoria de matrícula procede, deste xeito, dictar unha resolución rectoral que estableza os prazos para que podan matricularse aqueles estudantes que superaron materias nas convocatorias de fin de carreira ou na ordinaria do primeiro cuadrimestre así como para establecer outras condicións para formalizar a matrícula en materias do segundo cuadrimestre. En particular, introdúcese a posibilidade de ampliar a matrícula en materias do segundo cuadrimestre e incluso a renunciar ás deste cuadrimestre nas que estaban matriculados. Tamén se permite a adaptación para os alumnos que tralo proceso de adaptación rematen os estudos.

Por todo o anterior, este Rectorado Resolveu:

Primeiro.- *Modificación de materias cuatrimestrais*

De conformidade co artigo 20. 2. b) da convocatoria de matrícula, os alumnos que desexen modificar disciplinas cuatrimestrais correspondentes o segundo cuadrimestre poderán facelo sempre que se trate da substitución dunha materia por outra ou por materias cun número de créditos equivalentes ou superiores. Neste último caso, de ser superior o número de créditos, o alumno procederá ó abono da diferenza dos prezos públicos

Segundo.- *Ampliación xeral da matrícula para materias do segundo cuadrimestre*

Así mesmo, poderán formalizar matrícula no segundo cuadrimestre os estudantes que no momento da matrícula ordinaria non se puideron matricular de materias de segundo ciclo por non reuni-los requisitos de acceso que establece o seu plano de estudos. Estes alumnos só se poderán matricular de materias que se impartan no segundo cuadrimestre.

En todo caso os demais alumnos poderán ampliar a súa matrícula para materias cuatrimestrais que correspondan ó segundo cuadrimestre.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Terceiro.- Desistencia de materias do segundo cuadrimestre.

Os alumnos que actualmente estean matriculados de materias do segundo cuadrimestre poderán solicitar de xeito expreso, a anulación destas materias do segundo cuadrimestre. A aceptación da desistencia non suporá a devolución dos prezos públicos aboados.

Cuarto.- Prazos e forma de pagamento.

O prazo para modificar ou ampliar a matrícula, regulada nos apartados anteriores, establécese entre o 1 e o 31 de marzo do 2003. Os pagamentos realizaranse nun só prazo, admitíndose a domiciliación bancaria.

Quinto.- Matrícula en segundos ciclos

Poderán formalizar esta matrícula no segundo cuadrimestre os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuadrimestre, convocatoria extraordinaria ou fin de carreira superen unha titulación ou primeiro ciclo que lles dea acceso a unha titulación de só segundo ciclo ou a outros segundos ciclos diferentes. Poderán matricularse en materias anuais ou do segundo cuadrimestre coas seguintes limitacións:

- ◆ Se o segundo ciclo estivera sometido a límite de prazas e estas foran todas cubertas nos prazos ordinarios non poderán formalizar matrícula.
- ◆ Se o segundo ciclo tivera límite de prazas e quedasen vacantes tralo procedemento ordinario, previamente á matrícula deberá solicitalo, tramitándose esta segundo o establecido para o ingreso nos segundos ciclos.

Cando a matrícula requira o acceso a segundos ciclos establécense as seguintes datas:

- Solicitudes en titulacións con límite de prazas: do 9 ó 14 de marzo
- Matrícula en titulacións con límite de prazas: do 24 ó 26 de marzo
- Matrícula en titulacións sen límite de prazas : do 9 ó 26 de marzo

As solicitudes resolveranse consonte os criterios recollidos nas Normas de Xestión Académica. A USC determinará e publicitará o número de prazas vacantes en cada titulación.

Sexto.- Adaptación a novos plans

Os alumnos que teñan superado os exames da convocatoria extraordinaria de fin de carreira, ou das convocatorias ordinarias de materias anuais ou do primeiro ou segundo cuadrimestre, así como aqueles alumnos que cursan os estudos en virtude de programas de intercambio poderán solicitar a adaptación coas seguintes condicións:

- a.- Esta adaptación poderá solicitarse sempre que, tra-los procesos de adaptación, remataran os estudos para a consecución do título académico oficial



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

b.- Os alumnos que esten en condicións de solicitar a adaptación trala convocatoria de fin de carreira ou primeiro cuadrimestre deben solicitala antes do 30 de abril.

c.- Os alumnos que estean en condicións de solicitar a adaptación logo da primeira convocatoria ordinaria de exames de materias do segundo cuadrimestre ou anuais, deberán solicitalo antes do 31 de xullo.

d.- A concesión da adaptación implicará a anulación da matrícula nas materias do plan anterior non superadas polo alumno no curso actual. En ningún caso esta anulación dará dereito á devolución de prezos públicos.

Sétimo.- Desenvolvemento da presente Resolución

Autorízase ó Secretario Xeral da Universidade de Santiago de Compostela a dictar cantas instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente Resolución.

Disposición adicional primeira.-

Os alumnos da Facultade de Matemáticas afectados pola Resolución Rectoral do 26 de xuño do 2002 que non superaran na convocatoria de febreiro as materias correspondentes ó primeiro curso que se impartan no segundo cuadrimestre, poderán formalizar matrícula nelas entre o 1 e o 31 de marzo do 2003, debendo abonar os prezos públicos de matrícula correspondentes. Esta matrícula só dará dereito ó exame da convocatoria de xuño.

Disposición transitoria primeira.-

Os alumnos bolseiros que modifiquen a súa matrícula deberán ter en conta o número de créditos mínimos necesarios que se establecen na convocatoria de bolsas correspondente.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2003.

O Rector,

(P.d. O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

Resolución Rectoral do 21 de febreiro do 2003)



Castor Méndez Paz

Sr. Secretario Xeral, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sr. Decano da Facultade de Matemáticas, Sr. Xefe de Xestión Académica, Sr/as Xefe/as das Unidades de Xestión Académica, Sra. Xefa de Servicio de Control Interno, Sr. Xefe de Servicio de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, Sr. Director do COIE, Servicios Informáticos. Sra. Xefa da Asesoría Xurídica